



BOP

MARTES, 24 DE MAIO DE 2022

N.º 117

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA. SERVIZO DE DEPORTES

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O TRECE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2022

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2022

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as en federación oficial de automobilismo, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades de rally de asfalto, terra e montaña e vehículos históricos, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios, anualidade 2022, destinados a deportistas individuais (pilotos) da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos.

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas?page=1>

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2022.

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/axudas>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 41.000,00 € (corenta e un mil euros).

Establécese como importe máximo de cada premio 2.500,00 € e como importe mínimo de cada premio 300,00€.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a un único premio.

Lugo, 19 de maio de 2022.- "O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN, ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón". O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1293

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

LICITACIÓN DE ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA

Por Resolución de Alcaldía núm.: 2022-0226 de data 13/05/2022 aprobouse o prego de cláusulas administrativas para o alleamento por poxa pública de madeira procedente das podas efectuadas na praza da Filgueira do Concello de Bóveda.

Por medio do presente anuncio dáse a coñecer a licitación conforme as seguintes características:

- Entidade adxudicataria: Concello de Bóveda
- Obxecto do contrato: venda de leña dividida en lotes
- Tramitación: poxa
- Orzamento base de licitación: prezo fixado para cada lote, segundo valoración pericial, que será mellorable á alza polas persoas licitadoras.

LOTE	ESPECIE PREDOMINANTE	CUBICAXE m3	PREZO BASE DE SAÍDA	IVE (21%)	PREZO CON IVE
LOTE 1	PLATANEIRO	5,61	179,52€	37,70€	217,22€
LOTE 2	PLATANEIRO	3,036	97,15€	20,40€	117,55€
LOTE 3	PLATANEIRO	1,98	63,36€	13,31€	76,67€
LOTE 4	PLATANEIRO	3,3	105,60€	22,18€	127,78€
LOTE 5	PLATANEIRO	1,98	63,36€	13,31€	76,67€
LOTE 6	PLATANEIRO E PINO	2,2	70,40€	14,78€	85,18€
LOTE 7	PINO E MEZCLA	1,375	44,00€	9,24€	53,24€
LOTE 8	PINO	8,8	281,60€	59,14€	340,74€
TOTAL		28,28	904,99€	190,05€	1.095,04€

5. Obtención de información e documentación: Concello de Bóveda, Avda. Alfonso XIII, 85, 27340, Bóveda (Lugo); teléfono 982 426 006 e no perfil do contratante Portada - Contratos Públicos de Galicia (contratosdeg Galicia.gal).

6. Documentación a presentar e requisitos para participar: indicados no prego de cláusulas administrativas particulares.

7. Presentación das ofertas: Rexistro Xeral do Concello de Bóveda con domicilio en Avda. Alfonso XIII, 85, 27340, Bóveda (Lugo), en horario de 09:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación **no Perfil de contratante**. Cando as proposicións se envíen por correo, deberanse xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico á dirección intervencion@concellodeboveda.com no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

8. Apertura das ofertas: A Mesa de Contratación constituirase tras a finalización do prazo de presentación das proposicións.

Bóveda, 13 de maio do 2022.- O Alcalde, D. José Manuel Arias López.

R. 1261

COSPEITO

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía número 2022-0262, de data 12/05/2022 aprobouse a Oferta de emprego público extraordinaria de estabilización de emprego do Concello de Cospeito (Lugo) de conformidade codispuesto na Lei 20/2021, *co seguinte detalle:*

ESTABILIZACIÓN 2022						
					SISTEMA DE ACCESO	
Nº	PRAZAS ESTRUCTURALES	VÍNCULO DA PRAZA	XORNADA	VÍNCULO DO EMPREGADO QUE OCUPA A PRAZA ACTUALMENTE	CONCURSO	CONCURSO-OPOSICIÓN
					D.A.6ª-01/01/2016 D.A. 8ª-01/01/2016	ART 2 Lei 20/2021 31.10.2017
1	SUBALTERNO ADMÓN XERAL	FUNCIONARIO	COMPLETA	INTERINO	X	
1	SUBALTERNO - CASA DA CULTURA	FUNCIONARIO	COMPLETA	INTERINO	X	
1	AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	LABORAL	COMPLETA	LT	X	
1	ANIMADORA SOCIO-CULTURAL	LABORAL	PARCIAL	LT	X	
5	OFICIAL DE 1ª	LABORAL	COMPLETA	LT	X	
2	PEÓN	LABORAL	COMPLETA	LT	X	

Cospeito, 14 de maio de 2022.- Alcalde-presidente, Don Armando CastosaAlvariño.

R. 1262

LUGO

Anuncio

En virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, faise público o acordo de aprobación definitiva "9/233 "Proyecto de obras ordinarias de urbanización para la realización de rampas de acceso a edificio existente na praza da Liberdade 9", adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2022, cuxa parte dispositiva, establece, entre outros extremos, o seguinte:

"PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o "Proyecto de obras ordinarias de urbanización para la realización de rampas de acceso a edificio existente na praza da Liberdade 9", redactado polo arquitecto don Gerardo García-Boente Carro, Boente Arquitectura y Gestión Urbanística SLP, o 24 de setembro de 2018, cun presuposto de execución material de 4.202,30 € e un presuposto de execución por contrata de 6.050,90 €, IVE incluído, de conformidade coas determinacións contidas nos informes emitidos polos servizos de Arqueoloxía, Arquitectura e Enxeñería do 17 de outubro e 12 de decembro de 2018 e de 4 de decembro de 2020, respectivamente, e que se dan por reproducidos como parte integrante deste acordo; determinacións que deberán ser cumpridas polo interesado durante a execución do referido proxecto, e isto ao amparo do previsto no artigo 96.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

SEGUNDO.- Determinanse como condicionantes da aprobación deste proxecto que deberán ser cumpridos polo interesado durante a execución das referidas obras, as descritas nos informes dos servizos de Arqueoloxía, Arquitectura e Enxeñería do 17 de outubro e 12 de decembro de 2018 e do 4 de decembro de 2020, respectivamente, e, así mesmo, os seguintes:

- O prazo de execución deste proxecto será de UN MES, contado dende a notificación da súa aprobación definitiva.
- Determinase como período de garantía das obras ordinarias que se executen ao abeiro deste proxecto o **dun ano**, contado dende a recepción polo Concello destas.

- Deberá comunicárselles o inicio das obras ao Servizo de Enxeñería municipal, así como á Policía Local, para o oportuno seguimento delas.
- Deberá comunicar por escrito o comezo das obras ás empresas de subministración (BEGASA, TELEFÓNICA, GAS GALICIA, R-GRUPO CABLE, e outras), para facilitar o completamento das súas redes no caso que sexa necesario con antelación á colocación de firmes e pavimentos.
- Requiririlles aos interesados para que unha vez aprobado definitivamente o devandito proxecto presenten neste Concello, con carácter previo ao inicio das obras, fianza polo importe de 420,23 €, correspondente ao 10 % do presuposto de execución material, que ascende a cantidade de 4.202,30 €, de conformidade co previsto no artigo 96.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 230 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Publicar o acordo de aprobación definitiva do "Proyecto de obras ordinarias de urbanización para la realización de rampas de acceso a edificio existente na praza da Liberdade 9", no Boletín Oficial da Provincia, e isto en virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia.

CUARTO.- Notifíquesele esta resolución ao promotor do referido proxecto, coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e de que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de **un mes** ante a Xunta de Goberno Local, contado dende o día seguinte ao da notificación desta resolución.
- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de **dous meses**, contados a partir do día seguinte á notificación desta resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo)."

Asinado dixitalmente a marxe.

Lugo, 5 de maio de 2022.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, en substitución do Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Sostibilidade Urbana (Decreto 2973/2021, do 16 de abril de 2021), Mercedes Paula Alvarellos.

R. 1263

O PÁRAMO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o orzamento para o exercicio económico 2022, en cumprimento do artigo 169.3 do RD. Legislativo 2/2004, faise público según o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	523.101,40
CAPÍTULO II: Gastos en BensCorrentes e Servizos:	361.150,00
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros:	1.403,71
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes:	46.788,30

B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: InversiónsReais	158.385,84
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00

OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	0,00

TOTAL: 1.090.829,25

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A) INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Impostos Directos	294.000,00
CAPÍTULO II: Impostos Indirectos	30.000,00
CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos	132.200,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes:	612.929,25
CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais:	6.200,00

B) INGRESOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Enaxenación/inversións reais	0,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital	15.500,00

OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	0,00

TOTAL: **1.090.829,25**

Na referida sesión tamén se aprobaron as bases de execución, o cadro de persoal, dacordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducíndose a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación	Nº de prazas	Grupo	Escala	Subescala	Situación
Secretario-Interventor	1	A ₁	Habilitación nacional	Secretaría-Intervención	Cuberta en propiedade
Auxiliar administrativo	2	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Cuberta en propiedade
Conserxe	1	A.P.	Administración Xeral	Subalterno	Cuberta en propiedade

B) PERSOAL LABORAL

Denominación do posto de traballo	Nº de dotacións
---OFICIAL 1ª DE OBRAS.	1
---OFICIAL 1ª DE SERVIZOS.	1
---A.E.D.L.	1
---AUXILIARES AXUDA A DOMICILIO.	8
---LIMPIADORA.	1
----TRABALLADOR/A SOCIAL	1
Prevese o gasto para a substitución da limpadora de edificios municipais e as auxiliares de axuda a domicilio.	
Na presente relación non se inclúe o persoal a incluír vía modificación orzamentaria.	

Contra a aprobación definitiva do orzamento poderase interpoñer directamente recurso Contencioso-Administrativo, na forma e prazo que establecen as normas de dita xurisdicción, de conformidade co disposto no art.171.1 do RD.2/2004. O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Páramo, 13 de maio de 2022.- O Alcalde, José Liuis López López.

R. 1264

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **10/05/2022**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrència ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **ABRIL** de 2022, polo importe total de **3.560.35 €**

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, a 10 de maio de 2022.- O Alcalde- Presidente, D. Jose Luis López López.

R. 1265

A PONTENOVA*Anuncio***LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE ABRIL 2022.**

Por Resolución de alcaldía do 12 de maio de 2022 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 13 de xuño de 2022 ao 16 de agosto 2022**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 13 de xuño de 2022 ao 16 de agosto de 2022**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 13 de maio de dous mil vinte e dous .

A Pontenova, 13 de maio de 2022.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1266

TABOADA*Anuncio***OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE TABOADA PARA 2022 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.**

Don Ramiro Moure Ansoar, alcalde - presidente do Concello de Taboada, no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, expón:

Logo de ver o artigo 2 e a Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Logo de ver que o contido da presente oferta de emprego extraordinaria foi sometido a negociación coa Mesa de Negociación cos sindicatos de data 6 de maio de 2022, sendo o resultado da mesma favorable por unanimidade, e asistindo: Concello de Taboada, UGT, CC.OO, CESIF e CIGA.

Logo de ver que polo Pleno de data 11 de maio de 2022 aprobouse o Plan de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Taboada do ano 2022, que se materializa na aprobación e publicación da Oferta de Emprego Público extraordinaria antes do 1 de xuño de 2022, e declarouse o carácter excepcional da futura convocatoria de estabilización de emprego do Concello de Taboada 2022.

Por Resolución da Alcaldía de data 13 de maio de 2022 aprobouse a Oferta de Emprego Público extraordinaria de 2022 correspondente co Plan de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Taboada do ano 2022, que resulta ser a seguinte:

SUBGRUPO	CLASE/CATEGORÍA	POSTO	PRAZAS	TEMPO COMPLETO	NATUREZA	PROCEDEMENTO
Agrupación Profesional	Servicios Especiais	Auxiliar Axuda Domicilio	15	15	Persoal Laboral Fixo	CONCURSO
Agrupación Profesional	Servicios Especiais	Auxiliar Axuda Domicilio	6	6	Laboral Fixo	CONCURSO - OPOSICIÓN
Agrupación Profesional	Servicios Especiais	Peón Limpador Edificios Municipais	1	1	Persoal Laboral Fixo	CONCURSO

O presente acto pon fin a vía administrativa e poderá ser recurrido potestativamente en reposición ante o Alcalde no prazo dun mes a contar dende a data da presente publicación, ou ben directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar dende a data da presente publicación.

Taboada, 16 de maio de 2022.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1267

TRIACASTELA

Anuncio

Aprobación da oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal do Concello de Triacastela

Por Resolución de Alcaldía deste Concello de data 16 DE MAIO DE 2022, aprobouse a Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal

Mediante Resolución de Alcaldía deste Concello aprobouse a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, que cumpre as previsións do artigo 2 e DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, correspondente a a/s praza/s que a continuación se apuntan:

Persoal laboral:

Grupo	Categoría laboral	Denominación	Vacantes	Sistema de acceso
II	Fixo a tempo completo	AEDL	1	concurso
I	Fixo a tempo parcial	Arquitecto	1	concurso
II	Fixo a tempo completo	Traballadora Social	1	concurso
V	Fixo a tempo completo	Limpiadora	1	concurso-oposición
V	Fixo a tempo completo	Auxiliar de Axuda no Fogar	5	concurso-oposición

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Triacastela.

Triacastela, 16 de maio de 2022.- Alcaldesa, M.Olga Iglesias Fontal.

R. 1275

O VICEDO

Anuncio

Por resolución da Alcaldía deste Concello de 13 de maio de 2022, aprobouse a oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal correspondente ó ano 2022.

En cumprimento do artigo 91 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 70.2 do Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización de emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022.

PERSOAL FUNCIONARIO (anterior a 01/01/2016)

Denominación	Escala	Subescala	Grupo/ Subgrupo	Nivel	Vacantes	Xornada	Sistema de selección	Turno
Auxiliar administrativo secretaría	Xeral	Auxiliar	C/C2	18	1	100%	Concurso	Libre

PERSOAL LABORAL (anterior a 01/01/2016)

Denominación	Escala	Subescala	Grupo/ Subgrupo	Nivel	Vacantes	Xornada	Sistema de selección	Turno
Traballadora social	Especial	Técnica	A/A2	24	1	100 %	Concurso	Libre
Axente de emprego e desenvolvemento local	Especial	Técnica	A/A2	21	1	100 %	Concurso	Libre
Técnico de educación infantil	Especial	Técnica	B	16	2	100 %	Concurso	Libre
Auxiliar administrativo de servizos sociais	Xeral	Auxiliar	C/C2	18	1	75 %	Concurso	Libre
Peón - condutor	Especial	Servizos especiais	E	14	1	100 %	Concurso	Libre
Peón recollida de lixo	Especial	Servizos especiais	E	14	1	100 %	Concurso	Libre
Auxiliar axuda a domicilio	Especial	Servizos especiais	E	14	3	100 %	Concurso	Libre
Auxiliar axuda a domicilio	Especial	Servizos especiais	E	14	1	99 %	Concurso	Libre
Auxiliar axuda a domicilio	Especial	Servizos especiais	E	14	1	85,33 %	Concurso	Libre
Auxiliar axuda a domicilio	Especial	Servizos especiais	E	14	1	80 %	Concurso	Libre
Auxiliar axuda a domicilio	Especial	Servizos especiais	E	14	1	64 %	Concurso	Libre
Limpadora Casa do Concello e outros	Especial	Servizos especiais	E	14	1	100 %	Concurso	Libre
Limpadora Casa Cultura e outros	Especial	Servizos especiais	E	14	1	70 %	Concurso	Libre

PERSOAL LABORAL (posterior a 01/01/2016)

Denominación	Escala	Subescala	Grupo/ Subgrupo	Nivel	Vacantes	Xornada	Sistema de selección	Turno
Auxiliar axuda a domicilio	Especial	Servizos especiais	E	14	1	80 %	Concurso - oposición	Libre

Igualmente, na mesma resolución tamén se prestou aprobación á oferta ordinaria de emprego público para o ano 2022.

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 70.2 do Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real Decreto lexislativo

5/2015, de 30 de outubro, publícase a oferta ordinaria de emprego público do Concello do Vicedo para o ano 2022.

PERSOAL FUNCIONARIO

Denominación	Escala	Subescala	Grupo/ Subgrupo	Nivel	Vacantes	Xornada	Sistema de selección	Turno
Auxiliar administrativo	Xeral	Auxiliar	C/C2	18	1	100%	Oposición	Libre

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interperse alternativamente o recurso de reposición potestativo perante o Sr. Alcalde, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da última publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ou no Diario Oficial de Galicia, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, ou á súa elección, o que corresponda ó seu domicilio, se este radica en lugar distinto, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ó da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interperse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

O Vicedo, 13 de maio de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1268

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - DEPUTACION

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO EN SESION CELEBRADA O TRECE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHICULOS HISTORICOS NA ANUALIDADE 2022

BDNS(Identif.):628031

De acordocodisposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/628031>)

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHICULOS HISTORICOS NA ANUALIDADE 2022

De conformidadeco previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencionspublícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados/as en federación oficial de automobilismo, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades de rally de asfalto, terra e montaña e vehículos históricos, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxectodesta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios, anualidade 2022, destinados a deportistas individuais (pilotos) da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terraoumontaña e vehículos históricos.

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencions da Deputación de Lugo na web destaentidade local, en concreto na seguinte dirección:

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzaspage=1>

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2022.

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/axudas>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 41.000,00 € (corenta e un mil euros).

Establécese como importe máximo de cada premio 2.500,00 € e como importe mínimo de cada premio 300,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista sópoderá presentar una única solicitude (Anexo I) e optar a un único premio.

Lugo, 19 de maio de 2022.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Asdo: Pablo Rivera Capón.

R. 1309

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A.

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/28592

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Pilar Mourelo Quiroga

Nombre del río o corriente / de la captación: Río Tórdea / Pozo

Caudal solicitado: 0,063 l/s

Punto de emplazamiento: A Casanova, parroquia de Bande (San Pedro) y Abragán (San Bartolomeu)

Término Municipal y Provincia: Lán cara (Lugo) y O Corgo (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

Las captaciones se realizan en un pozo y el río Tórdea. Las aguas del pozo se conducen a un depósito y de este al establo. La captación del río Tórdea se efectúa con una cisterna con la que se transporta el agua a la explotación a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamientos de Lán cara y O Corgo, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 5 de mayo de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 1271

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: **V/27/01502**

PETICIONARIO: Mónica Romero Torres

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Maceda

LOCALIDAD: Maceda Mosteiro (San Salvador)

TÉR. MUNICIPAL: Outeiro de Rei

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Sta. Marta de/Sta. Marta de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Maceda" - "Mónica Romero Torres", con un volumen máximo anual de 248,000 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

-Separador de grasas.

-Fosa séptica.

-Arqueta de toma de muestras.

-Zanja filtrante

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 16 de mayo de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1269

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: **V/27/01497**

PETICIONARIO: Manuel Llanes Castro

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Paraxes, nº10

LOCALIDAD: Paraxes nº10, Fomiñá (O Salvador)

TÉR. MUNICIPAL: A Pastoriza

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Miño/Miño

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Paraxes, nº10" - "Manuel Llanes Castro", con un volumen máximo anual de 438,000 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

-Fosa séptica con filtro biológico.

-Arqueta de toma de muestras.

-Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 16 de mayo de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1270